

DECRETO DA ALCALDIA-PRESIDENCIA

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (ROF) polo presente veño en convocar sesión **ORDINARIA** do Pleno da Corporación que se celebrará no Salón de Sesións da Casa Consistorial o vindeiro **XOVES, día 06 de FEBREIRO /2020 ás 20 HORAS** en primeira convocatoria, e no caso de non existir quórum necesario en segunda convocatoria dous días despois á mesma hora; para tratar os asuntos relacionados no seguinte

ORDE DO DÍA

I) PARTE DISPOSITIVA

1º.- Aprobación, se procede, do borrador de acta da sesión anterior: 10.01.20 (Ordinaria).

2º.- Resolución por mutuo acordo do contrato do servizo de asistencia no Fogar.

3º.- Aprobación de convenio de colaboración entre o Concello de Narón e o Concello de Valdoviño, relativo á rede de saneamento.

4º.- Aprobación da denominación das rúas na parroquia de Valdoviño.

5º.- Ratificación do incremento do 2% aos empregados públicos no Concello de Valdoviño (Real Decreto-Lei 2/2020 de 21 de xaneiro de 2020).

6º.- Proposición de apoio ás persoas con alzheimer e ós seus familiares.

7º.- Proposición sobre o financiamento das entidades locais na prestación do servizo de Axuda no Fogar.

8º.- Moción do Bloque Nacionalista Galego sobor da emigración galega.

9º.- Moción do Bloque Nacionalista Galego para a mellora da sanidade pública.

II) .- CONTROL DE ACTIVIDADE DO PLENO

10º.- Dar conta de decretos da Alcaldía emitidos no mes decembro de 2019.

11º.- Dar conta de informe sobre cumprimento dos prazos para o pago das obrigas do Concello, durante o 4º trimestre do ano 2019.

12º.- Rogos e preguntas.

A presente convocatoria entregárase a todos os membros da Corporación, así como á intervención xeral, procedéndose á súa publicación no taboleiro de edictos e na web municipal.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SR. ALCALDE